



CONCELLO DE AGOLADA

BASES QUE REXERÁN A CONVOCATORIA PARA A CONTRATACIÓN DE 1 AUXILIAR ADMINISTRATIVO COMO PERSOAL LABORAL TEMPORAL, CON CARGO Á AXUDA OUTORGADA POLA CONSELLERÍA DE EMPREGO, COMERCIO E EMIGRACIÓN, AO ABEIRO DA ORDE DO 22 DE MAIO DE 2026 POLA QUE SE ESTABLECEN AS BASES QUE REGULAN AS SUBVENCÍONS PARA A CONTRATACIÓN DE PERSOAS MOZAS INSCRITAS NO SISTEMA NACIONAL DE GARANTÍA XUVENIL, NO ÁMBITO DA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA E SE PROCEDE Á SÚA CONVOCATORIA PARA O EXERCICIO DO ANO 2026.
(CÓDIGO DE PROCEDEMENTO TR350E).

PRIMEIRA. Normas xerais.

É obxecto das presentes bases a contratación de persoal laboral temporal que seguidamente se relaciona, ao abeiro da axuda concedida pola Consellería de emprego, comercio e emigración en aplicación da *ORDE do 22 de maio de 2026 pola que se aproban as bases reguladoras para a concesión de subvencións destinadas á contratación de persoas mozas inscritas no Sistema nacional de garantía xuvenil, no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia, a través da colaboración con entidades locais e organismos intermedios sen ánimo de lucro, cofinanciadas pola Unión Europea no marco do Programa FSE+ Galicia 2021-2027, e se convocan para o ano 2026 (códigos de procedemento TR350E e TR349Z).*

Nº postos e características :

Nº postos 1 **Denominación/categoría** Auxiliar Admtvo aat público

Grupo de cotización 7 **Tipo de contrato** Temporal -MODELO 405- (contrato de duración determinada vencellado a programas de políticas activas de emprego, financiados con fondos europeos). ART 30.6 ORDE DE CONVOCATORIA **Meses** 9 **Xornada** 100%

CNO Ocupación 4500
Importe axuda 16.902,64 €

Importe total da axuda

16.902,64 €

Servizo: “SERVIZOS DE ATENCIÓN AO PÚBLICO XERAL





CONCELLO DE AGOLADA

COMO AUXILIAR ADMINISTRATIVO NAS DEPENDENCIAS MUNICIPAIS”,

Segundo o require a orde de convocatoria de axudas, “As entidades locais beneficiarias da subvención solicitarán as persoas traballadoras mozas que necesiten mediante a presentación de oferta de emprego na correspondente oficina pública de emprego de Galicia, nos modelos normalizados para o efecto, facendo referencia aos requisitos e características que deben reunir as persoas mozas traballadoras que se contratarán para o adecuado desempeño das funcións inherentes aos postos de traballo ofertados, deberá presentarse unha por cada categoría profesional dentro de cada ocupación, que deberá responder á codificación prevista no Catálogo nacional de ocupacións (CNO) a 4 díxitos. A oferta na súa formulación non poderá conter elementos que poidan servir de base para calquera tipo de discriminación”.

SEGUNDA. Modalidade do contrato

Os contratos de traballo subscritos coas persoas mozas traballadoras seleccionadas deberán comunicarse, necesariamente, a través da aplicación Contrat@. Marcando a opción específica «interese social/ corporacións locais», que figura no punto «Datos específicos do contrato», e asignaráselle o código 405: contrato de duración determinada vinculado a programas financiados con fondos europeos, segundo o establecido no artigo 30.6 da *ORDE do 22 de maio de 2026 pola que se aproban as bases reguladoras para a concesión de subvencións destinadas á contratación de persoas mozas inscritas no Sistema nacional de garantía xuvenil, no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia, a través da colaboración con entidades locais e organismos intermedios sen ánimo de lucro, cofinanciadas pola Unión Europea no marco do Programa FSE+ Galicia 2021-2027, e se convocan para o ano 2026 (código de procedemento TR350E).*

O carácter do contrato é por tanto temporal.
As retribucións, detállase seguidamente:

Retribucións mensuais aux admtvo segundo smi vixente e aplicado segundo calculos da solicitude e resolución 2026: 1.424,50 € brutos/mes. Incluída a prorrata da paga extra.

Ámbito de actuación: No termo municipal do Concello de Agolada.
Horario- De luns a venres.





No momento da contratación, a persoa moza cubrirá e asinará un anexo, coa declaración en que faga constar que non traballou nin recibiu ningunha acción formativa e/ou educativa no día inmediatamente anterior ao da selección e ao da contratación.

TERCEIRA. Condicións de admisión de aspirantes

Para poder participar nos procesos selectivos será necesario reunir os seguintes requisitos:

Requisitos xerais:

a) Ter nacionalidade española. No entanto, teranse en conta os seguintes casos:

1. A poboación nacional dos demais estados membros da Unión Europea poderá acceder, en idénticas condicións que as persoas de nacionalidade española, á función pública investigadora, docente, de correos, sanitaria de carácter asistencial e aos demais sectores da función pública aos que, segundo o dereito comunitario, lles sexa aplicable a libre circulación de traballadoras e traballadores.

2. A poboación nacional daqueles estados aos que, en virtude de tratados internacionais subscritos pola Unión Europea e ratificados por España, sexa aplicable a libre circulación de traballadoras e traballadores nos termos en que esta está definida no tratado constitutivo da Unión Europea. Emigrante retornado ou extranxeiro con autorización ou permiso de residencia e traballo en España

b) Non estar separada ou separado do servizo de ningunha Administración Pública en virtude de expediente disciplinario nin atoparse inhabilitada ou inhabilitado por sentenza firme para o exercicio de funcións públicas.

c) Requisito de idade, neste caso, segundo artigo 29.2 da orde de convocatoria, "Ter feitos os 18 anos e non superar a idade máxima que estableza a normativa vixente do Sistema Nacional de Garantía Xuvenil, de conformidade co artigo 97.c) da Lei 18/2014, do 15 de outubro, de aprobación de medidas urxentes para o crecemento, a competitividade e a eficiencia".

d) Non haber sido contratado/a, con cargo ás axudas previstas nesta orde, as persoas traballadoras que fosen contratadas en calquera entidade, por un período igual ou superior a cento oitenta (180) días, ao abeiro das axudas concedidas polas ordes da Consellería de





CONCELLO DE AGOLADA

Emprego, Comercio e Emigración para a contratación de persoas traballadoras desempregadas, que se relacionan a continuación:

- Orde do 4 de agosto de 2025 (DOG núm. 157, do 19 de agosto: código de procedemento TR352A 2025).
- Orde do 13 de agosto de 2025 (DOG núm. 160, do 22 de agosto: códigos de procedemento TR350E e TR349Z 2025).

No caso de haber sido contratado con cargo ás axudas previstas nesta orde (Orde do 4 de agosto de 2025 (DOG núm. 157, do 19 de agosto: código de procedemento TR352A 2025) e Orde do 13 de agosto de 2025 (DOG núm. 160, do 22 de agosto: códigos de procedemento TR350E e TR349Z 2025)), en calquera entidade, deberán presentar o correspondente contrato de traballo ou certificado de servizos prestados e a vida laboral.

- e) Ter a capacidade funcional para o desempeño das tarefas: Non padecer enfermidade, nin estar afectado por limitación física ou psíquica incompatible co desempeño das súas funcións. As persoas que resulten seleccionadas aportarán antes da sinatura do contrato certificación médica ou equivalente, acreditativa de non padecer enfermidade, nin estar afectado por limitación física ou psíquica incompatible co desempeño das súas funcións (a non presentación conlevará a perda do posto).
- f) Cumprir os requisitos para exercer as funcións que lle poidan ser encomendadas, conforme ao previsto regulamentariamente.
- g) Posuír o certificado mínimo de Celga 3 ou equivalente, debidamente homologado polo órgano competente na materia de política lingüística da Xunta de Galicia, ou obter a calificación de apto na proba de galego que forma parte da fase de oposición.

CUARTA. Forma e prazo de presentación dos candidatos.

*A selección do persoal a contratar levarase a cabo da forma prevista no artigo 29 da **ORDE do 22 de maio de 2026 pola que se aproban as bases reguladoras para a concesión de subvencións destinadas á contratación de persoas mozas inscritas no Sistema nacional de garantía xuvenil, no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia, a través da colaboración con entidades locais e organismos intermedios sen ánimo de lucro, cofinanciadas pola Unión Europea no marco do Programa FSE+ Galicia 2021-2027, e se convocan para o ano 2026 (código de procedemento TR350E).***

Non se atenderá á presentación de instancias, xa que os candidatos





CONCELLO DE AGOLADA

deberán figurar na lista de preselección remitida polo Servizo Público de Emprego, en contestación á correspondente oferta tal e como se recolle na ORDE do 22 de maio de 2026 pola que se aproban as bases reguladoras para a concesión de subvencións destinadas á contratación de persoas mozas inscritas no Sistema nacional de garantía xuvenil, no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia, a través da colaboración con entidades locais e organismos intermedios sen ánimo de lucro, cofinanciadas pola Unión Europea no marco do Programa FSE+ Galicia 2021-2027, e se convocan para o ano 2026 (códigos de procedemento TR350E e TR349Z).

As bases íntegras, a convocatoria e os sucesivos trámites publicaranse no taboleiro de anuncios do Concello de Agolada e na súa páxina web (www.agolada.es).

Os candidatos/as desempregados/as deberán acompañar no día sinalado pola Oficina de Emprego para a súa presentación no Concello de Agolada, a seguinte documentación, documento de identificación persoal, tarxeta sanitaria, e unha declaración responsable asinada, segundo o anexo I, acompañando orixinais ou fotocopias cotexadas dos documentos citados.

QUINTA. Admisión de aspirantes

Despois da presentación dos candidatos incluídos nas listas remitidas pola Oficina pública de emprego, os aspirantes deberán presentar no Concello de Agolada o Anexo II e a documentación correspondente. Con posterioridade, a alcaldía ditará unha resolución, na que se declare aprobada a lista de admitidos e excluídos. A devandita resolución, que se publicará no taboleiro de anuncios do Concello de Agolada e na súa páxina web, de ser necesario, indicará un prazo de dous días hábiles para a emenda; sendo que este prazo de subsanación de defectos comezará a contar dende o día seguinte á publicación da resolución no taboleiro de anuncios e na páxina web. Transcorrido o prazo de emenda, de ser necesaria, a alcaldía aprobará a lista definitiva de aspirantes admitidos e excluídos, que se publicará no taboleiro de anuncios do Concello e na súa páxina web, na que se sinalará a data e hora na que se constituirá o tribunal indicando así mesmo o lugar de celebración das probas de selección.

*No caso de non existir candidatos excluídos nin que precisen do trámite de emenda, ditarase unha soa resolución coa lista definitiva de aspirantes admitidos, composición do tribunal e data e hora na que se constituirá.

*Según o artigo 29.8 da orde de convocatoria do 22 de maio de 2026





Non poderán ser contratadas, con cargo ás axudas previstas nesta orde, as persoas traballadoras que fosen contratadas en calquera entidade, por un período igual ou superior a cento oitenta (180) días, ao abeiro das axudas concedidas polas ordes da Consellería de Emprego, Comercio e Emigración para a contratación de persoas traballadoras desempregadas, que se relacionan a continuación:

- Orde do 4 de agosto de 2025 (DOG núm. 157, do 19 de agosto: código de procedemento TR352A 2025).
- Orde do 13 de agosto de 2025 (DOG núm. 160, do 22 de agosto: códigos de procedemento TR350E e TR349Z 2025).

SEXTA. Tribunal cualificador

O tribunal cualificador estará constituído por un presidente, un secretario e tres vogais que se designarán mediante nomeamento oficial no seu día e do que se dará conta a través da publicación da súa composición no momento da convocatoria dos aspirantes ao proceso de selección.

Para a válida constitución do tribunal deberán asistir o presidente e secretari@ e un dos tres vogais nomeados ou do seu sustituto, no seu caso. Se nomea como suplente indiferente do presidente ou secretario a cada un dos vogais citados, que en ausencia dos citados, presidente ou secretario, actuaran como tales na orde de prelación establecida 1º vogal, 2º vogal e 3º vogal.

A abstención e recusación dos membros do tribunal será de conformidade cos artigos 23 e 24 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do Sector Público.

O tribunal non poderá constituírse, nin actuar sen a presenza, cando menos, de máis da metade dos seus membros, titulares ou suplentes, indistintamente.

En todo caso requírese a asistencia do/a presidente/a e do/a secretario/a ou dos que legalmente os substitúan.

O tribunal poderá dispoñer a incorporación de asesores especialistas para os supostos en que así o estimen necesario ou conveniente. Os ditos asesores, actuarán con voz e sen voto limitándose ao exercicio das especialidades técnicas en base ás cales colaboran no respectivo tribunal.

O tribunal resolverá por maioría de votos dos seus membros presentes, tódalas dúbidas e propostas que se produzan para a aplicación das normas contidas nestas bases, e estará facultado para resolver as cuestións que poidan suscitarse durante a valoración dos





méritos.

SÉTIMA. Sistema de selección e desenvolvemento do proceso

Tendo en conta as especiais características dos postos e a súa temporalidade, estimase, que o procedemento de selección dos aspirantes será o concurso-oposición debendo o Tribunal valorar os méritos presentados polos aspirantes, neste caso a selección dos candidatos será por orden decrecente atendendo á puntuación obtida prelaciónandoos de maior a menor puntuación.

Respecto aos méritos computables, será de acordo ao establecido no artigo 29.4.6 da ORDE do 22 de maio de 2026 pola que se aproban as bases reguladoras para a concesión de subvencións destinadas á contratación de persoas mozas inscritas no Sistema nacional de garantía xuvenil, no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia, a través da colaboración con entidades locais e organismos intermedios sen ánimo de lucro, cofinanciadas pola Unión Europea no marco do Programa FSE+ Galicia 2021-2027, e se convocan para o ano 2026 (código de procedemento TR350E).

FASE DE CONCURSO:(3 puntos)

1.- Atendendo aos criterios do artigo 29.6.4 da ORDE do 22 de maio de 2026 pola que se aproban as bases reguladoras para a concesión de subvencións destinadas á contratación de persoas mozas inscritas no Sistema nacional de garantía xuvenil, no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia, a través da colaboración con entidades locais e organismos intermedios sen ánimo de lucro, cofinanciadas pola Unión Europea no marco do Programa FSE+ Galicia 2021-2027, e se convocan para o ano 2026 (códigos de procedemento TR350E, valoraranse ate un máximo de 3 puntos a suma dos seguintes aspectos:

“6. Terán preferencia na selección a través da oficina de emprego as persoas con maiores dificultades para a inserción laboral, por esta orde: as persoas con discapacidade, as persoas trans e as persoas en risco de exclusión social, e a continuación, as persoas desempregadas mozas que participasen nos últimos 3 anos (2023-2024-2025) en programas de emprego para persoas mozas incluídas no ficheiro do Sistema nacional de garantía xuvenil (código de procedemento TR353B) eran preferencia as persoas que teñan prevista a realización deste tipo de medidas no seu itinerario de inserción laboral e, en todo caso, os colectivos con especiais dificultades de inserción laboral, tales como:”

a) Persoas con discapacidade ata o 33% 0,25 puntos.





CONCELLO DE AGOLADA

Persoas con discapacidade igual ao 33% e ata o 50%, 0,75 puntos

Persoas con discapacidade superior ao 50%, 1 punto

(Acreditarase cun informe/tarxeta en vigor da Xunta de Galicia que así o recoñeza)

b) Persoas trans. (1 punto) * (deberá presentar o Documento Nacional de Identidade (DNI) actualizado coa mención rexistral de sexo correspondente, ou no seu defecto, a certificación do Rexistro Civil que avale dita rectificación)

c) Persoas integrantes de colectivos desfavorecidos ou en risco de exclusión social, especialmente as persoas beneficiarias da renda de integración social de Galicia (1 punto). (Acreditarase cun informe dos servizos sociais que deberá solicitar e presentar o interesado).

d) Persoas desempregadas mozas que participasen nos últimos 3 anos (2023-2024-2025) en programas de emprego para persoas mozas incluídas no ficheiro do Sistema nacional de garantía xuvenil (código de procedemento TR353B). (1 punto). (Acreditarase cun informe do servizo público de emprego – SPEG)

FASE DE OPOSICIÓN (7 PUNTOS)

2.- Realizarase unha proba práctica: (7 puntos)

Realizarase unha proba práctica e que permita relacionar os coñecementos dos candidatos, mediante a realización nun tempo máximo establecido de entre 30 minutos e unha hora dunha proba práctica relacionada co temario adxunto no anexo I. Na citada proba valorarase o tempo empregado por cada aspirante para lograr o resultado final (4 puntos), e o grado de execución da proba práctica plantexada (3 puntos).

Valorarase de 0 a 7 puntos este apartado.

A puntuación total nesta proba será como máximo de 7 puntos.

3.- Acreditación de coñecemento do idioma galego: (Apto/Non apto)

Será obrigatorio a superación dun segundo exercicio, proba de galego para aqueles candidatos que non teñan acreditado xunto coa instancia de solicitude estar en posesión do certificado de Celga 3, equivalente ou superior.

Quedarán exentos da realización deste exercicio os aspirantes que coa instancia de solicitude presenten o certificado de Celga 3,





CONCELLO DE AGOLADA

equivalente ou superior, debidamente homologado polo órgano competente na materia de política lingüística da Xunta de Galicia, de conformidade co artigo 35 do Decreto legislativo 1/2008 do 13 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei da Función Pública de Galicia, modificado pola Lei 2/2009, do 23 de xuño.

Coa finalidade de cumprir co previsto no artigo 35 do Decreto legislativo 1/2008, de 13 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei da función pública de Galicia, este exercicio consistirá na tradución, sen dicionario, dun texto de castelán ao galego e/ou de galego a castelán, nun tempo máximo de 30 minutos.

Este exercicio valorarase como apto ou non apto, sendo necesario para superalo obter o resultado de apto, correspondéndolle ao tribunal determinar o nivel de coñecementos esixido para acadar o resultado de apto.

O resultado final de cada proceso será o resultante da suma de todos os méritos anteriores, de producirse empate na puntuación teranse en conta de forma prelaciónada os criterios establecidos no artigo 29.4.6 da orde de convocatoria destas axudas dando preferencia na contratación por esta orde.

1 Persoa que obtivera maior puntuación por discapacidade.
(sempre que esta característica non impida o correcto desempeño dos traballos/tarefas encomendadas, o que suporía a exclusión do candidato por incapacidade para cubrir as tarefas do posto, e non aplicando a posibilidade de outro destino dentro da organización pola obriga estrita de cubrir o posto ofertado e subvencionado)

2 Persoa declarada trans.

3 Persoas en risco de exclusión social.

4 Persoas desempregadas mozas que participasen nos últimos 3 anos (2024-2025-2026) en programas de emprego para persoas mozas incluídas no ficheiro do Sistema nacional de garantía xuvenil (código de procedemento TR353B)

OITAVA. Relación de candidatos, presentación de documentos e nomeamento.

Unha vez recibida/s a/s lista/s de candidatos e para proceder á cualificación e valoración das candidaturas dos aspirantes, do punto 1 do apartado sétimo, o tribunal fará pública a relación de aspirantes aos postos de traballo incluíndo a data de realización das probas mediante publicación na web municipal www.agolada.es e no taboleiro de anuncios do Concello de Agolada. Para esta fase non se establece prazo de alegacións toda vez que a/s lista/s será/n remitida/s previa sondaxe de candidatos aptos polo SPEG.

Na data sinalada no decreto de convocatoria de probas e tribunal,





CONCELLO DE AGOLADA

se efectuarán todas as probas e valoracións indicadas incluídas a proba 2 proba práctica, salvo manifestación expresa escrita e en contra por parte dalgún dos candidatos, tras o que se asinará a acta de selección indicando a puntuación provisional acadada, por orde decrecente, no taboleiro de edictos do concello e na páxina web www.agolada.es.

Os aspirantes disporán dun prazo de dous (2) días hábiles, a partir do seguinte ao da publicación, para efectuar as alegacións pertinentes. Rematado o prazo e tras resolver as alegacións efectuadas no seu caso, darase traslado o Presidente da Corporación, precisándose que non poderá superarse o número de prazas vacantes convocadas, quedando os demais candidatos en listaxes de agarda ordeadas segundo as puntuacións obtidas que estarán vixentes ate o remate das contratacións e se empregarán para dar cobertura a posibles baixas temporais ou definitivas do persoal contratado, e atendendo aos tempos indicados no artigo 32 “Sustitución das persoas mozas traballadoras”, da orde de convocatoria do 22 de maio de 2026.

Os aspirantes propostos achegarán á Administración, dentro do prazo establecido, os documentos acreditativos das condicións de capacidade e requisitos esixidos na convocatoria; salvo que estes xa foran presentados anteriormente xunto a documentación de participación. Os que, dentro do prazo indicado, e salvo os casos de forza maior, non presentasen a documentación ou desta se deducise que carecen dalgún dos requisitos esixidos, non poderán ser contratados, polo que quedarán anuladas todas as súas actuacións, sen prexuízo da responsabilidade en que puidesen incorrer por falsidade nas súas solicitudes de participación.

NOVENA. Incidencias

O tribunal está facultado para resolver as dúbidas e incidencias que se presenten, así como para adoptar os acordos necesarios para o bo desenvolvemento do proceso selectivo, en todo aquilo non previsto expresamente nestas bases.

Así mesmo a xurisdición competente para resolver as controversias en relación cos efectos e resolución do contrato será a xurisdición social.

As presentes bases e convocatoria poderán ser impugnadas, de conformidade co establecido na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas.





Contra a convocatoria e as súas bases, que esgotan a vía administrativa, pode interpoñer, alternativamente, ou un recurso de reposición potestativo, no prazo dun mes contado desde o día seguinte ao de publicación do anuncio no taboleiro de anuncios do Concello de Agolada e na súa páxina web (www.agolada.es), ante o alcalde do Concello de Agolada, de conformidade cos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, ou un recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Lugo, no prazo de dous meses contados desde o día seguinte ao de publicación do anuncio no taboleiro de anuncios do Concello de Agolada e na súa páxina web (www.agolada.es), de conformidade co artigo 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, da xurisdición contencioso-administrativa. Se optase por interpoñer un recurso de reposición potestativo, non poderá interpoñer un recurso contencioso-administrativo ata que aquel sexa resolto expresamente ou se produza a súa desestimación por silencio. Todo isto sen prexuízo de que poida interpoñer calquera outro recurso que puidese considerar máis conveniente para o seu dereito.

Tocante ao non previsto nas bases, será de aplicación a Lei 7/1985, do 2 de abril, de bases do réxime local; o Real decreto legislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, a Lei 7/2007, do 12 de abril, do estatuto básico do emprego público, o Real decreto legislativo 1/1995, do 24 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos traballadores, e outra normativa concordante.

ANEXO I- TEMARIO

BLOQUE I: Temas Xerais

1. A Constitución Española de 1978: Título Preliminar (Principios xerais) e Título I, Capítulo II (Dereitos e liberdades, Arts. 14 a 30).
2. O Estatuto de Autonomía de Galicia: Título I (Competencias de Galicia, Arts. 27 e 28) e Título II (Do Poder Galego, Art. 9: A Xunta e o seu Presidente).
3. Réxime Local e Organización Municipal: A Ley 7/1985 (LBRL) e a Ley 5/1997 de Administración Local de Galicia (ALega): O





CONCELLO DE AGOLADA

municipio, a poboación e o padrón municipal. Órganos de goberno municipal: O Alcalde, os Tenentes de Alcalde e o Pleno.

4. O Procedemento Administrativo Común (Ley 39/2015): Os dereitos das persoas nas súas relacións coas Administracións Públicas (Artigo 13). Fases básicas do procedemento: Iniciación e resolución. O silencio administrativo.
5. A Atención á Cidadanía e Protección de Datos: A atención presencial e telefónica no Concello. Conceptos básicos da Ley Orgánica 3/2018 de Protección de Datos (LOPDGDD) aplicados á atención ao público.
6. Igualdade e Prevención de Riscos Laborais: Ley 2/2007 de igualdade do traballo en Galicia. Medidas básicas de prevención de riscos e ergonomía en póstos de oficina.

BLOQUE II: Temas Específicos

7. Xestión do Rexistro e Tramitación Documental: Rexistro xeral de entradas e saídas de documentos no Concello: Procedemento de anotación, dixitalización e derivación interna ás áreas correspondentes.
8. Administración Electrónica Local e Certificacións: Sede electrónica municipal. Identificación e sinatura electrónica (Cl@ve, Certificado dixital e DNle). Emisión de documentos e volantes de empadramento.
9. Organización do Traballo de Oficina e Arquivo Municipal: Recepción, clasificación e distribución da correspondencia ordinaria e postal. O arquivo administrativo: Clasificación, ordenación e custodia de documentos físicos e electrónicos. Xestión de axenda e cita previa na atención á cidadanía.
10. Ofimática Aplicada á Xestión Administrativa: Procesador de textos (Writer/Word): Formato de documentos, táboas e modelos de instancias. Folla de cálculo (Calc/Excel): Operacións básicas, fórmulas (SUMA, PROMEDIO, SI) e manexo de listas de datos.





CONCELLO DE AGOLADA

ANEXO II - DECLARACIÓN RESPONSABLE **AO SR ALCALDE- PRESIDENTE DO CONCELLO DE AGOLADA**

D. _____ CO DOCUMENTO* _____

*(APORTARÁ O DOCUMENTO NO MOMENTO DA
PRESENTACIÓN)

Domicilio a efectos de notificacións en.

Dirección postal

Mail

Teléfonos de contacto





DECLARO BAIXO XURAMENTO QUE A DATA ACTUAL ESTOU NA SEGUINTE SITUACIÓN E/OU CUMPRO OS SEGUINTE REQUISITOS. NO CASO QUE CORRESPONDA, SINALAR CON "X"

a) Ter nacionalidade española. No entanto, teranse en conta os seguintes casos:

1. A poboación nacional dos demais estados membros da Unión Europea poderá acceder, en idénticas condicións que as persoas de nacionalidade española, á función pública investigadora, docente, de correos, sanitaria de carácter asistencial e aos demais sectores da función pública aos que, segundo o dereito comunitario, lles sexa aplicable a libre circulación de traballadoras e traballadores.

2. A poboación nacional daqueles estados aos que, en virtude de tratados internacionais subscritos pola Unión Europea e ratificados por España, sexa aplicable a libre circulación de traballadoras e traballadores nos termos en que esta está definida no tratado constitutivo da Unión Europea. Emigrante retornado ou extranxeiro con autorización ou permiso de residencia e traballo en España

b) Non estar separada ou separado do servizo de ningunha Administración Pública en virtude de expediente disciplinario nin atoparse inhabilitada ou inhabilitado por sentenza firme para o exercicio de funcións públicas.

c) Requisito de idade, neste caso, segundo artigo 29.2 da orde de convocatoria," Ter feitos os 18 anos e non superar a idade máxima que estableza a normativa vixente do Sistema Nacional de Garantía Xuvenil, de conformidade co artigo 97.c) da Lei 18/2014, do 15 de outubro, de aprobación de medidas urxentes para o crecemento, a competitividade e a eficiencia".

d) Non haber sido contratado/a, con cargo ás axudas previstas nesta orde, as persoas traballadoras que fosen contratadas en calquera entidade, por un período igual ou superior a cento oitenta (180) días, ao abeiro das axudas concedidas polas ordes da Consellería de Emprego, Comercio e Emigración para a contratación de persoas traballadoras desempregadas, que se relacionan a continuación:

- Orde do 4 de agosto de 2025 (DOG núm. 157, do 19 de agosto: código de procedemento TR352A 2025).
- Orde do 13 de agosto de 2025 (DOG núm. 160, do 22 de agosto: códigos de procedemento TR350E e TR349Z 2025).





- e) Ter a capacidade funcional para o desempeño das tarefas: Non padecer enfermidade, nin estar afectado por limitación física ou psíquica incompatible co desempeño das súas funcións. As persoas que resulten seleccionadas aportarán antes da sinatura do contrato certificación médica ou equivalente, acreditativa de non padecer enfermidade, nin estar afectado por limitación física ou psíquica incompatible co desempeño das súas funcións (a non presentación conlevará a perda do posto).
- f) Cumprir os requisitos para exercer as funcións que lle poidan ser encomendadas, conforme ao previsto regulamentariamente.
- g) Posuír o certificado mínimo de Celga 3 ou equivalente, debidamente homologado polo órgano competente na materia de política lingüística da Xunta de Galicia, ou obter a calificación de apto na proba de galego que forma parte da fase de oposición.

h) VALORACIÓN DISCAPACIDADE- marcar 1

- ☐ Persoas con discapacidade ata o 33% 0,25 puntos.
- ☐ Persoas con discapacidade igual ao 33% e ata o 50%, 0,75 puntos
- ☐ Persoas con discapacidade superior ao 50%, 1 punto

(Acreditarase cun informe da Xunta de Galicia que así o recoñeza)

i) VALORACIÓN CONDICIÓ DE TRANS- marcar 1

- ☐ Son Persoa trans recoñecida. (1 punto)) * (deberá presentar o Documento Nacional de Identidade (DNI) actualizado coa mención rexistral de sexo correspondente, ou no seu defecto, a certificación do Rexistro Civil que avale dita rectificación
- ☐ Non son persoa trans recoñecida (0 puntos)

j) VALORACIÓN COLECTIVOS DESFAVORECIDOS - marcar 1

- ☐ Son persoa integrante de colectivo desfavorecido ou en risco de exclusión social, en especial son persoa beneficiaria da renda de integración social de Galicia (1 punto). (Acreditarase cun informe dos s sociais).
- ☐ Non son persoa integrante de colectivo desfavorecido ou en risco de exclusión social, en especial son persoa beneficiaria da renda de integración social de Galicia (0 puntos).

k) VALORACIÓN PARTICIPACIÓN NOS DERRADEIROS 3 ANOS EN PROGRAMAS DE EMPREGO PARA PERSOAS MOZAS INCLUIDAS NO FICHEIRO DO SISTEMA NACIONAL DE GARANTIA XUVENIL. Marcar 1

- ☐ Son persoa desempregada moza que participase nos últimos 3





CONCELLO DE AGOLADA

anos (2023-2024-2025) en programas de emprego para persoas mozas incluídas no ficheiro do Sistema nacional de garantía xuvenil (código de procedemento TR353B). (1 punto). (Acreditarase cun informe do servizo público de emprego - SPEG)

☐ Non son persoa desempregada moza que participase nos últimos 3 anos (2023-2024-2025) en programas de emprego para persoas mozas incluídas no ficheiro do Sistema nacional de garantía xuvenil (código de procedemento TR353B). (0 puntos).

DOCUMENTACIÓN A APORTAR

- ☐ DNI/NIF/NIE ou SIMILAR
- ☐ TARXETA SANITARIA
- ☐ CERTIFICADO OU TARXETA VIXENTE DE DISCAPACIDADE QUE RECOLLA O %.
- ☐ ACREDITACIÓN DE SERVIZOS SOCIAIS DA CONDICIÓN DE SITUACIÓN DE RISCO.
- ☐ CERTIFICADO DE CELGA 3, EQUIVALENTE OU SUPERIOR. (de ser o caso).
- ☐ DE SER O CASO, CONTRATO DE TRABALLO OU CERTIFICADO DE SERVIZOS PRESTADOS E VIDA LABORAL.

*Quedo informado de que en caso de requerimento me comprometo a presentar acreditación documental da veracidade dos datos manifestados. Non atender dito requerimento no prazo que se indique na comunicación ou de verificarse a non existencia e coincidencia dos mesmos, conllevará a exclusión do candidato do proceso de selección e se dará continuidade ao mesmo.

Para que conste e declarando a veracidade de todo canto cito, asino a presente declaración en

Agolada a _____ de _____ de 2026.

Asdo:-

En relación co establecido na L.O.P.D de Carácter persoal o CONCELLO DE AGOLADA, procede a informarlle que os datos obtidos no noso formulario serán incorporados a un ficheiro de datos, do que é responsable o CONCELLO DE AGOLADA, con domicilio social na R/ Praza do concello nº1.- 36520.- AGOLADA.- PONTEVEDRA. Sendo os datos obtidos co consentimento do interesado, art. 6 L.O.P.D. o obxecto de dito tratamento será para a xestión das relacións contractuais establecidas entre o Concello e o solicitante. O interesado gozará en todo momento dos dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición garantidos pola Lei vixente. O titular dos datos comprométese a comunicar por escrito o CONCELLO DE AGOLADA, calquera modificación que se produza nos datos aportados.

